



A transversalidade dixital, cunha alfabetización inclusiva, e a alta demanda de traballadores do sector TIC temas da Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia

O CPEIG celebrou o 29 de outubro a súa gala en Santiago de Compostela e entregou os premios anuais da profesión ante uns 250 convidados

ÍNDICE

- 3-9 páx** **XIII Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia**
- 10-12** **Convenio CPEIG e Amtega: Mática, tres14pm, Blockchain e Ciberseguranza**
- 13-15** **Curso Superior de Administración Electrónica 2021**
- 16** **Olimpíada Informática Galega 2022**
- 17** **Convenios CPEIG: Consello Económico e Social (CES-Galicia)**
- 18** **Ciber.gal**
- 19** **Artigo de opinión wi-TEM**
- 20-21** **O CPEIG nos medios de comunicación**

CONSELLO EDITORIAL

Fernando Suárez, presidente do CPEIG

Susana Ladra, vicepresidenta do CPEIG

Juan José González, secretario do CPEIG

Roberto Vieito, vicesecretario do CPEIG

Francisco Javier Rodríguez, tesoureiro do CPEIG

Iván Luis Vázquez, vogal do CPEIG

José Manuel Vázquez Naya, vogal do CPEIG

Contidos e asesoramento: **Vía Láctea Comunicación**

Maquetación: **Vía Láctea Comunicación**

Suxestións e comentarios: revista@cpeig.gal

Datos de contacto do CPEIG

Rúa Fernando III O Santo 13-1ºA

15701 Santiago de Compostela

Tel: 981 592 773 - Fax: 981 553 997

www.cpeig.gal

ISSN 2255-3169




A transversalidade dixital, cunha alfabetización inclusiva, e a alta demanda de traballadores do sector TIC temas da Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia

O Colexio celebrou o 29 de outubro a súa gala en Santiago de Compostela e entregou os premios anuais da profesión ante uns 250 convidados

O Colexio de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) celebrou o 29 de outubro a súa “XIII Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia” cunha cea de gala no Hotel OCA Puerta del Camino en Santiago de Compostela na que se entregaron os premios anuais da profesión. Asistiron máis de 250 convidados ao evento TIC referente de Galicia, entre representantes do

ámbito empresarial, da Administración pública, do ámbito universitario e profesionais do eido tecnolóxico. A Noite é xa unha gala consolidada onde o CPEIG pretende mostrar á sociedade o traballo desenvolvido por enxeñeiros en informática dentro da sociedade da información e as iniciativas relacionadas co ámbito das TIC [\[Ver gravación do evento\]](#).





Esta décimo terceira edición, conducida pola presentadora de televisión **Paula Vázquez**, foi inaugurada polo presidente do CPEIG, **Fernando Suárez**, e o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia, **Francisco Conde**, e clausurada polo delegado do Goberno en Galicia, **José Miñones**. Ademais, contou coa asistencia doutras autoridades como o presidente da Deputación de Ourense, **Manuel Baltar**; a directora da Axencia Galega de Innovación (GAIN), **Patricia Argerey**; o reitor da Universidade de Santiago (USC), **Antonio López**; o reitor da Universidade da Coruña (UDC), **Julio Abalde**; a directora da Escola Galega de Administración Pública (EGAP), **Sonia Rodríguez-Campos**; e a concelleira de Economía do Concello de Santiago, **Marta Abal**; así como outras personalidades e representantes do sector TIC galego que exercerán como patrocinadores do evento e as colexiadas e colexiados do CPEIG.

Sen poder evitar a mención á covid-19, Fernando Suárez, comezou a súa intervención recalcando como a pandemia e os confinamentos puxeron

en evidencia que desde hai décadas vívese nunha sociedade tecnolóxica, proceso de dixitalización que se acelerou en 2020, “o ano en que todo cambiou”, principalmente no terreo da educación.

“A pandemia non é máis que unha peza dentro dunha cadea de transformación que ten un abanico temporal moito máis amplo. Agora, o obxecto debe ser aproveitar a medio prazo as vantaxes dunha economía intelixente, e, para iso, o dixital debe ser un tema transversal, que estea presente en todas as estratexias de desenvolvemento. As accións a emprender deben ser inclusivas para non deixar a ningún colectivo á marxe, e deben ter en conta os principios de sustentabilidade ambiental. É igualmente preciso promover a alfabetización dixital entre traballadores, cuxos contornas van ser cada vez máis tecnolóxicas, e entre a cidadanía, para que poida beneficiarse ao máximo dos servizos que ofrece a sociedade dixital” —explicou—.

O presidente do CPEIG sinalou que a economía pospandemia ten que ser intensiva en



coñecemento e conta xa cun sector da enxeñaría en informática referencia na colaboración aberta, na compartición de recursos, información e ideas. Neste novo marco da economía do coñecemento, o presidente dos informáticos galegos compartiu a súa preocupación polo deseño do novo horario escolar para Primaria no que non figura a informática. “Incluír esta materia permitiría introducir á nosa mocidade no pensamento computacional, proceso que inclúe habilidades propias da computación e o pensamento crítico para a resolución de problemas, o deseño de sistemas e o entendemento do comportamento humano. Estas habilidades son fundamentais

Fernando Suárez, presidente do CPEIG:

“Temos nas nosas mans a posibilidade de modelar o futuro que queremos, unha sociedade dixital humanista baseada nunha ética e uns valores, que sitúe ao ser humano no centro de todas as cousas”

para facer fronte ás grandes problemáticas do século XXI como a pobreza, a biodiversidade, a saúde ou o quecemento global” –asegurou–.

Ademais, Suárez asegurou que a sociedade española ten o gran reto de afrontar a demanda de traballadores do sector TIC para non perder o tren da innovación e da competitividade. “Nos próximos dez anos crearanse 650.000 novos postos, e o 50 % dos empregados necesitarán novas capacidades por mor do avance tecnolóxico” –subliñou–.

Neste punto, o presidente asegurou que a Administración pública debe ser o espello no que se reflicte tanto sociedade como sector empresarial. “Galicia é unha referencia na aposta pública pola innovación, con exemplos como o polo de tecnoloxías cuánticas que hoxe premiamos. Desde o CPEIG reclamamos que o sexa tamén na aposta polo talento dos nosos titulados, igualando o acceso á función pública co resto de enxeñarías a través da creación dun corpo Superior de Informática” –solicitou–.

E para evitar consecuencias negativas da transformación dixital, Suárez manifestou que é preciso un acordo colectivo para asegurar a sustentabilidade da dixitalización a base de mellorar a inclusividade, transparencia e capacidade de elección, a rendición de contas, a responsabilidade e a equidade, e a non discriminación. Indicou que desde o CPEIG son conscientes da demanda crecente dun compromiso ético no avance tecnolóxico e da necesidade dun marco común, polo que o pasado ano o Consejo de Colegios de Ingeniería Informática creou o *selo de empresa eTICa* ao que o colexio profesional galego se adheriu. “Temos nas nosas mans a posibilidade de modelar o futuro que queremos, unha sociedade dixital humanista baseada nunha ética e uns valores, que sitúe ao ser humano no centro de todas as cousas. Tal e como representamos na figura deseñada polo colexio para os premios que hoxe concedemos, o futuro está na nosa man” –engadiu–.



A gala contou coa actuación do humorista **Dani Delacámara** que divertiu aos asistentes cun monólogo sobre a situación vivida coa pandemia da covid-19. Tamén actuou o grupo musical de versións acústicas **Versionettes**, e os invitados puideron pasar un bo momento retratándose nunha máquina de hologramas a tamaño real de última tecnoloxía. A cea de OCA Hotels imitou en parte o **formato das ceas clandestinas** do propio establecemento hoteleiro. O menú e preparación correu a cargo do director de Alimentos e Bebidas, Pablo Vila, o xefe de cociña do Hotel OCA Puerta del Camino, Miguel Sande, coa colaboración do xefe de cociña do Hotel OCA Vila de Allariz, Gerson Iglesias. A maridaxe fíxose baixo a tutela do enólogo xefe de Ferrer Wines, Javier Aladro. Tamén o barista xefe de Cafés Candelas, José Manuel Portela, foi o autor dun combinado de café frío.

Liderado na profesión en Galicia

Foron dez as distincións anuais que se entregaron na “XIII Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia”, premios que corresponden a diversas categorías onde os colexiados e colexiadas recoñecen as iniciativas ou persoas destacadas no ámbito da enxeñaría en informática. O

presidente do CPEIG felicitou aos premiados polo seu talento esforzo e compromiso para modelar e construír un porvir dixital. “O futuro é cuestión de actitude e de talento e sen dúbida, os premios que hoxe entregamos son exemplo do liderado da nosa profesión e da nosa terra” –asegurou–.





Premio e-Inclusión

Outorgouse a **Samsung Electronics Iberia**, S.A.U. polo seu proxecto '**Tallk**' destinado a facilitar a comunicación das persoas enfermas de ELA. Recolleu o recoñecemento Alfredo Pérez, Innovation Services Manager en Samsung Electronics e responsable de Desenvolvemento do proxecto '**Tallk**'.



Premio Iniciativa da Administración

O premio foi para o **Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA)** polo seu proxecto '**Quantum Computing**' destinado a colocar a Galicia como un referente internacional en tecnoloxías cuánticas en 2030, accedendo a un mercado internacional de alto valor estratéxico e económico. Recolleu a distinción Mauro Fernández, director do Cesga.

Premio Iniciativa Empresarial

Recaeu en **Red Mundo Atlántico** pola súa achega á innovación social e á internacionalización das pequenas e medianas empresas do Eixo Atlántico a través da súa rede de networking e de impulso ao financiamento europeo dos proxectos. Subiu ao escenario a recoller a distinción o presidente de Red Mundo Atlántico, Mariano Gómez-Ulla.



Premio Iniciativa Emprendedora

O premio foi para a empresa galega **Councilbox**, con sede central en Nigrán, foi distinguida pola súa tecnoloxía de reunións remotas con voto electrónico e validez legal. Recolleron a estatuíña Agustín Tourón e Víctor López, socios fundadores de Councilbox.



Premio Ada Byron, dirixido a mulleres enxeñeiras en Informática

Distinguiu á enxeñeira en informática **Ana Freire** (Rábade, 1983), experta en intelixencia artificial e recuperación de información, foi premiada con este recoñecemento. É unha firme impulsora do uso da tecnoloxía para o ben social, así como da aportación das mulleres neste ámbito para lograr unha tecnoloxía plenamente útil e ao servizo das persoas. Recolleu o recoñecemento a propia Ana Freire.





Premio Innovación Tecnolóxica no Ensino

O recoñecemento foi para o **Centro de Investigación TIC (CITIC) da Universidade da Coruña** polo seu proxecto '**Talentos Inclusivos**' destinado a fomentar as vocacións TIC entre a mocidade, á vez que da visibilidade ás persoas con diversidade funcional e contribúe a facilitar o seu día a día mediante solucións tecnolóxicas innovadoras. Recolleu o premio o director do CITIC, Manuel González Penedo.



Premio Traxectoria Profesional

Desta edición foi para enxeñeiro en informática **Carlos Eloy López Blanco** (A Coruña, 1970) pola súa destacada contribución á transformación dixital das organizacións e á ciberseguridade. Recolleu a distinción Carlos Eloy López Blanco, responsable da oficina de Riscos Dixitais en Hijos de Rivera.

Premio Especial A Noite

Este recoñecemento outorgouse a **Balidea, Emetel, Inycom e Minsait** polo seu permanente apoio á entidade colexial e á gala de referencia do sector TIC en Galicia. En representación das empresas, recolleron a estatuíña Óscar Vázquez de Balidea, Víctor Estévez de Emetel; Lucía Ardao de Minsait, e Gabriel Barreiro de Inycom.



Premio Especial

Se concedeu nesta edición de 2021, a **Código Cero no seu 20 aniversario**, diario dixital. Código Cero é recoñecido por cumprir vinte anos achegando a información tecnolóxica en galego. Recolleu a distinción Xosé María Fernández Pazos, director de Código Cero.





Premio Traballo Fin de Mestrado

Foi para **Elisa Fernández Álvarez** (A Fonsagrada, 1996), polo desenvolvemento dunha ferramenta que permite a xestión e explotación dos datos de carga viral obtidos a partir da análise de augas residuais e que son empregados para realizar predicións de casos da COVID-19 para o seu Traballo Fin de Mestrado na Universidade da Coruña. A propia Elisa asistiu ao evento a recolleu o seu premio.

Premio Colexiado de Honra

Recaeu no arquitecto de computadores **Mateo Valero Cortés** (Alfamén, Zaragoza, 1952), director do Barcelona Supercomputing Center-Centro Nacional de Supercomputación, impulsor da supercomputación en España e Europa, e un dos investigadores mundialmente máis premiados no seu campo. Mateo Valero Cortés recolleu a distinción colexial.

[Ver fotografías da XIII Noite](#)

Trámites dixitais coas Administracións públicas

Por outra parte, o colexiado Diego Cid quixo agasallar aos asistentes á Noite cunha licenza para unha das súas aplicacións. O enxeñeiro en informática leva un tempo traballando no conxunto de Apps que facilitan a relación coa Administración pública e permite o uso de medios dixitais como o DNle ou certificados dixitais para realizar distintas operacións directamente desde o móbil.

Desenvolveu a aplicación Tr@mite, da que se lle entregou a todos os asistentes á gala unha descarga gratuíta desta App para IOS ou Android. Permite o acceso a multitude de trámites de distintas Administracións públicas nacionais, autonómicas e locais utilizando a validación con DNle (só en android), certificado dixital, cl@ve permanente e cl@ve pin. Ademais, permite asinar documentos pdf con DNle (só en android) ou certificado dixital.

Outra das Apps que desenvolveu recentemente foi Firm@, que permite asinar documentos pdf con DNle (só en android) ou certificado dixital, e Valid@ que permite consultar o estado e o contido dun certificado dixital ou dun DNle, incluíndo a data de caducidade dos seus certificados.



Potenciación do interese pola ciencia e a tecnoloxía entre a mocidade, formación especializada para profesionais e espazos de debate sobre as TIC

O Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) renovaron este ano a cooperación que veñen mantendo nos últimos tempos coa sinatura dun acordo, enmarcado dentro da Estratexia Galicia Dixital 2030, con catro liñas de actuación, a desenvolver ao longo deste ano, centradas na posta en marcha de actividades de formación, capacitación e promoción no ámbito das tecnoloxías en Galicia.

Programáronse actividades e accións de difusión da Sociedade Dixital en Galicia, a cuarta edición do Programa Tech Kids, o programa Mática, o programa Ciberseguranza, xornadas formativas para traballadores dos sectores TIC e de administración e servizos, cunha xornada sobre as tecnoloxías BlockChain, e os espazos de networking co programa tres14.pm.



Programa Mática

No mes de xuño, celebrouse un primeiro campamento tecnolóxico onde un centenar de rapazas de 12 a 18 anos participaron nas actividades previstas nas tres facultades galegas de informática co obxecto de desenvolver as súas competencias no eido das TIC. Os talleres versaron sobre pensamento computacional, programación móbil, robótica e intelixencia artificial.

No mes de outubro, continuouse coa programación de Mática e organizáronse tres obradoiros tecnolóxicos en formato híbrido, online e presencial na Facultade de Informática da Universidade da Coruña. Os talleres centráronse nas posibilidades da informática, a construción de Apps e a visión artificial con tres enxeñeiras informáticas. O primeiro tratou sobre “As posibilidades da informática: desde TikTok ata o ADN” que impartiu a enxeñeira informática,



Máster en Ciencia de Datos, e actualmente estudante de doutoramento Delfina Ramos Vidal. A seguinte xornada foi sobre “Construíndo aplicacións móbiles con ApplInventor”, que impartiu Paloma Piot Pérez-Abadín, enxeñeira de Software en viesure innovation center. E finalmente o último taller tratou sobre “Introducción á Visión Artificial”, impartido pola enxeñeira informática, doutora en Computación e docente na FIC, Lucía Ramos García.



Espazos de networking

Ademais, o CPEIG e a Amtega organizaron durante estes últimos meses diversos espazos de networking e debate chamados tres14.pm. Celebráronse de maneira presencial e online, para un grupo máximo quince profesionais do sector das TIC ou outras persoas interesadas na materia, no Centro GaiásTech situado na Cidade da Cultura en Santiago.

O programa conta con espazos de networking, de debate, opinión e coñecemento, invitando a expertos en distintas materias para que realicen unha exposición seguindo un programa específico no que reflectirán, en catorce minutos, tres principios sobre dita temática de cara a establecer un coloquio posterior cos participantes.

A primeira xornada foi no mes de xullo e estivo dirixida por Miguel Ángel Domínguez, presidente de Alastria, asociación sen ánimo de lucro que fomenta a economía dixital a través do desenvolvemento e modelo de uso de tecnoloxías descentralizadas/Blockchain multisectorial. Impartiu unha conferencia titulada “Innovación,

Blockchain, tecnoloxía para transferir datos dunha maneira segura

O CPEIG e a Amtega inician o 6 de outubro un curso online de introdución a Blockchain, tecnoloxía que aporta confianza e automatiza procesos en todos os sectores empresariais, organizado en colaboración coa asociación Alastria e a Escola Superior de Enxeñaría Informática da Universidade de Vigo (UVigo).

robotización e Blockchain para optimizar os beneficios dos Fondos Next Generation”.

A finais de setembro organizouse unha nova sesión, nesta ocasión abordouse o concepto de xemello dixital, a réplica virtual dun produto ou servizo. Contouse coa presenza de Manuel Meijide, director da compañía ILUX Visual Technologies, que impartiu a xornada no Centro GaiásTech na Cidade da Cultura.

O terceiro taller, tamén a finais de setembro, versou sobre a ética e a deontoloxía na enxeñaría informática. Contouse coa presenza de Darío Álvarez, vicedecano do Colegio Oficial de Ingenieros en Informática do Principado de Asturias e membro da Comisión de Ética e Deontoloxía do Consejo de Colegios de Ingeniería Informática, no Centro GaiásTech na Cidade da Cultura. Falou do “Selo de Empresa eTICA”, iniciativa creada polo Consejo de Colegios de Ingeniería en Informática, que certifica o desenvolvemento de servizos tecnolóxicos de calidade.

En outubro, houbo dobre sesión, cos talleres do reitor da UDC, Julio Abalde, sobre a dixitalización a través da Cidade das TIC, e do director de conectividade intelixente en Mobile World Capital Barcelona, Eduard Martín, que analizou a tecnoloxía 5G. Os dous debates de tres14.pm celebráronse nesta ocasión en streaming.

Os últimos talleres do ano trataron a proba electrónica na xustiza, coa charla online da maxistrada galega Ana Isabel Cabido, e outro sobre transformación dixital na Sanidade galega, co director de Solucións Asistenciais do Sergas, Benigno Rosón.



A formación, que se estendeu ata o 29 de outubro para un máximo de 60 participantes, estivo impartida por Luis Garvía, profesor de mercados financeiros e membro da xunta directiva de Alastria e director do Máster de Riscos Financeiro de ICADE; Wladimiro Navarro, CTO fundador de Finweg; Antonio Rodríguez, creador dunha ferramenta para anticipar o éxito da tecnoloxía Blockchain nunha empresa; Raúl López, supervisor e impulsor proxectos baseados nesta tecnoloxía en múltiples sectores e países como Director Blockchain Lab mundial de Grant Thornton; e Óscar Lage, responsable Blockchain e de Investigación en Tecnalia. Nas sesións expoñeuse o programa do curso e falouse dos fundamentos do Blockchain, as cuestións técnicas desta tecnoloxía, o financiamento, as aplicacións e a converxencia de Blockchain con outras tecnoloxías.

No marco deste curso, celebrouse o 22 de outubro unha xornada sobre a Blockchain,

titulada “Mobilizando o mundo con Blockchain”. A actividade celebrouse en formato híbrido, presencial con aforo limitado no Edificio CINC (auditorio 2) da Cidade da Cultura en Santiago, e retransmitido por streaming para os asistentes online. Foi inaugurada polo presidente do CPEIG, Fernando Suárez. O primeiro relatorio, titulado “Cara a onde se dirixe o mundo? Identidade dixital e Euro dixital”, ofreceu unha visión macro e estivo impartida polo director do programa, Luis Garvía. A continuación a xornada centrouse nunha visión micro, coa intervención de Javier Represas, CEO en Kala Investments, que falou do “Blockchain na industria. O futuro que empeza: a transformación do servizo”. Organizouse a mesa redonda “A vida despois dunha pandemia, os fondos europeos e a tecnoloxía: É posible integrar todo isto cun enfoque humanista?”, na que participaron Fernando Suárez; o socio promotor de Rede Mundo Atlántico, Manuel Gens; e o presidente de Alastria e CEO de Add4u, Miguel Ángel Domínguez.

Ciberseguranza e contacontos para transmitir os perigos da rede

Tamén dentro deste acordo institucional, o CPEIG e a Amtega iniciaron en outubro o programa Ciberseguranza Kids para que os máis novos adquiran valores na esfera dixital e límites para un uso seguro da Internet. Realizáronse dezaseis visitas a centros educativos das catro provincias galegas dirixidas a escolares de sete a doce anos, coa participación duns 800 estudantes das catro provincias a quen se lles explicou que é a ciberseguridade a través dun contacontos dinámico e participativo.

O contacontos “Ciberserguridade con Sofía” mestura narración e ilustración. É unha historia

na que se conta dun xeito lúdico ao alumnado os perigos da rede e da ciberseguridade. Este conto xa está dispoñible en versión dixital na web do CPEIG ([Descargar libro](#)).



Curso de coñecementos avanzados sobre administración dixital para empregados públicos, co fin de achegar as organizacións públicas ao cidadán

Foi a décimo primeira edición do Curso Superior de Administración Electrónica que se impartiu do 14 de setembro ao 26 de outubro na EGAP



O CPEIG e a Amtega organizaron en setembro e outubro a décimo primeira edición do “Curso Superior de Administración Electrónica 2021”. A formación inaugurouse o 14 de setembro cun acto ceno salón de actos da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) de Santiago de Compostela, presidido pola directora da Amtega, **Mar Pereira**; a directora da EGAP, **Sonia Rodríguez-Campos**; e o presidente do CPEIG, **Fernando Suárez**.

A Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sinala que unha Administración sen papel, baseada nun funcionamento integramente electrónico, non só serve aos principios de eficacia e eficiencia,

ao aforrar custos a cidadáns e empresas, senón que tamén reforza as garantías e ofrece transparencia. No momento actual, marcado pola pandemia da covid-19, Fernando Suárez sinalou que a informática permitiu soste a educación, a economía, as relacións persoais, e por suposto o funcionamento da Administración Pública, “unha importante lección coa que se demostra que a dixitalización permítenos achegar as organizacións públicas ao cidadán”.

Para reforzar esta idea, o presidente do CPEIG analizou os obxectivos da Axenda España Dixital 2025, centrada no impulso da transformación dixital que axudará ao desenvolvemento do Estado, co despregamento do 5G, o reforzo



Miguel Ángel Amutio, director da División de Planificación y Coordinación de Ciberseguridad do Ministerio de Política Territorial y Función Pública:
“La digitalización es una oportunidad de transformación que va más allá de lo estrictamente tecnológico y es ineludible y clave para el proceso de reconstrucción económica y la plena integración en la economía digital”

da ciberseguridade, a dixitalización das administracións públicas e das empresas, o desenvolvemento da economía do dato, a Intelixencia Artificial e os dereitos dixitais da cidadanía, entre outros. “Esta axenda marca que en 2025, o 50% dos servizos públicos estarán dispoñibles en app móbil e simplificarase a relación da cidadanía e empresas coas administracións” –asegurou–. Tamén España Dixital 2025 tentará pechar as fendas dixitais (socioeconómicas, de xénero, xeracionais, territoriais ou ambientais), que Suárez manifestou que se acentuaron aínda máis durante a pandemia. “Preténdese conseguir que en 2025 o 80% das persoas teñan competencias dixitais básicas, a metade delas mulleres” –indicou–.

Para alcanzar estes propósitos, Fernando Suárez apuntou que as organizacións públicas deben “cambiar, moverse e actuar”, tendo como centro da transformación ao cidadán e os servizos que se lle ofrecen.

Pola súa parte, a directora da Amtega destacou a importancia de avanzar na capacitación dixital do persoal empregado público para adaptarse ao novos escenarios e ao novo modelo de Administración Dixital. Neste sentido, salientou que en 2020 realizáronse máis de un millón de presentacións electrónicas a través da sede, o que supuxo un incremento de máis do 63% con respecto ao ano anterior.

Mar Pereira lembrou que o 1 de xaneiro de 2022 entrará en vigor o novo Decreto de Competencias Dixitais de Galicia que permitirá desenvolver o

Plan de Capacitación Dixital persoal empregado público. Este Plan definirá as competencias dixitais mínimas para poder acceder a un posto na administración.

Os coñecementos e habilidades serán avaliados co Certificado Galego de Competencias Dixitais, que poderán obter todas as persoas de Galicia maiores de 16 anos. As certificacións avaliarán 21



competencias englobadas en 5 áreas de dominio: información e datos; comunicación e colaboración; creación de contido dixital; seguridade e privacidade e solución dos problemas.

Claves da transformación dixital

O director da División de Planificación y Coordinación de Ciberseguridad do Ministerio de Política Territorial y Función Pública, **Miguel Ángel Amutio**, explicou que a dixitalización é “una oportunidade de transformación que va máis allá de lo estrictamente tecnolóxico y es ineludible”. Destaca que constitúe un elemento absolutamente clave para o proceso de reconstrución económica e a plena integración na economía dixital.

Amutio sinala que a administración dixital facilita escenarios de servizos con maior orientación ao usuario, máis fáciles de usar, máis

accesibles, abertos, inclusivos, participativos e baseados nos datos, á vez que debe atender aos riscos de ciberseguridade pola acentuada dependencia da tecnoloxía.

Na súa presentación, “Presente e futuro da administración electrónica”, tratou as claves da transformación dixital en xeral, e da administración dixital en particular, e como debe enfrontarse tendo presente elementos fundamentais e aspectos transversais e cales son todos eles. Tamén falou de cara onde vai a Unión Europea nesta materia, cales son as áreas nas que pon o foco, así como a situación de España en materia de administración dixital segundo a perspectiva dos pilares fundamentais que permiten comprender o progreso alcanzado e por que é un referente no exterior, a axenda para impulsar esta transformación a través esencialmente do Plan de Digitalización de las Administraciones Públicas 2021 – 2025 e o seu contexto como motor da evolución tecnolóxica do país, e, finalmente que retos e conclusións se poden prever.

Formación transversal

Esta actividade ten como finalidade afondar, desde unha perspectiva técnico- xurídica e cunha importante parte práctica, na concepción da administración electrónica, incidindo na relevancia que ten a súa implantación nas distintas Administracións galegas. A dirección académica está a cargo do presidente do CPEIG, Fernando Suárez. Así, os contidos do programa analizarán desde distintos enfoques a administración dixital para que o alumnado adquiera ou perfeccione os seus coñecementos teóricos e prácticos en informática e en dereito.

Este curso superior, que serviu para dar formación a 50 empregados públicos, desenvolveuse do 14 de setembro ao 26 de outubro. Cun total de 114 horas lectivas, impartiuse na modalidade semipresencial, con 30 horas de prácticas presenciais en Santiago de Compostela e 84 horas de teleformación.



A Olimpíada Informática Galega 2022 celebrarase o 4 de febreiro, organizada polo CPEIG en colaboración coas Universidades da Coruña, Santiago e Vigo

A Facultade de Informática da UDC, a Escola Técnica Superior de Enxeñaría da USC e a Escola Superior de Enxeñaría Informática da UVigo serán as sedes do certame

O CPEIG, en colaboración coas tres universidades galegas –Universidade da Coruña (UDC), Universidade de Santiago (USC) e Universidade de Vigo (UVigo)– organizan a Olimpíada Informática Galega 2022 (OIG 2022) que se celebrará o vindeiro 4 de febreiro.

A OIG 2022 desenvolverase de xeito presencial, sempre que a situación sanitaria o permita, e de maneira simultánea en tres sedes: A Coruña, Santiago e Ourense (Facultade de Informática da UDC, Escola Técnica Superior de Enxeñaría da USC e Escola Superior de Enxeñaría Informática da UVigo).

Os participantes na Olimpíada Informática Galega deberán resolver unha serie de problemas mediante unha linguaxe de programación que permita automatizar a súa resolución. Na OIG permítese o uso de C++, Python ou Java. Os problemas da olimpíada soen centrarse no deseño correcto e eficiente de algoritmos.

Este concurso de programación está orientado a estudantes de ensinanza secundaria, bacharelato e grao medio (ou equivalente). Permitirá seleccionar a dous representantes galegos para que participen na Olimpíada Informática Española, que se celebrará en abril de 2022. De

aí, os gañadores poderán acceder á Olimpíada Informática Internacional, que se celebrará en agosto de 2022 en Indonesia. A inscrición a cada unha das sedes aínda non está aberta, pero si está aberta unha pre-inscrición que dará preferencia para a elección de sede na inscrición final.

Ademais, xa deron comezo os cursos de preparación para os participantes da OIG 2022, formación organizada pola academia Leagues of Code. O curso, de carácter gratuito grazas a un acordo establecido coa Olimpíada Informática Española (OIE), permite aos inscritos nesta olimpíada galega adestrarse para o campionato durante varias semanas. É apto para todos os niveis, mesmo para os participantes que xamais programasen e non saiban de linguaxes de programación. O curso conta cunha proba de nivel, e en función do seu resultado o alumno será asignado a un grupo adaptado aos seus coñecementos previos.

A formación componse de clases e exercicios semanais. As clases son a través de Zoom durante as fines de semana. Trátanse os algoritmos e estruturas de datos e usase o C++ como linguaxe de programación. Os exercicios semanais son a través da plataforma Codeforces para aprender a escribir un código propio e resolver problemas interesantes.



O concurso xa ten a pre-inscrición aberta na web <https://oig.gal/> para estudantes de secundaria, bacharelato ou grao medio

Máis información: <https://oig.gal/>. Contacto: informacion@oig.gal



O CPEIG e o Consello Económico e Social de Galicia establecen unha colaboración para que Galicia sexa máis dixital e “mellorar a calidade de vida de todas e todos”

Organizarán cursos, xornadas, seminarios e outras actividades de divulgación, editarán libros, publicacións e documentos de traballo e promoverán a actividade investigadora

O CPEIG e o Consello Económico e Social de Galicia (CES-Galicia) asinaron no mes de xullo un convenio de colaboración para o establecemento dun marco de colaboración entre ambas entidades. O acordo, que se selou na sede do Consello Económico e Social de Galicia en Santiago, foi rubricado polos presidentes de ambas institucións, **Fernando Suárez** do CPEIG e **Agustín Hernández** do CES- Galicia.

O acordo, con vixencia dun ano, ten por obxecto que ambas entidades actúen de forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e organizativas de cada unha delas, para un mellor cumprimento dos fins de ambas dúas partes, en beneficio da cidadanía e da sociedade galega.

A colaboración permitirá a realización conxunta de cursos, xornadas, seminarios e outras actividades de divulgación, a edición conxunta de libros, outras publicacións e documentos de traballo e promoverá a actividade investigadora

de ambas as dúas institucións mediante proxectos de investigación conxuntos.

Fernando Suárez valora de forma moi positiva este acordo para ambas entidades. Considera que para o CPEIG é moi importante colaborar cunha entidade como o CES e tamén destaca que esta unión é unha mostra da evolución da sociedade, tanto a nivel social como económico, xa que o impacto que está tendo a dixitalización en todo os sectores posibilita que o CPEIG sexa un actor destacado para colaborar á hora de chegar a todo o ecosistema galego –empresarial, administrativo ou cultural–.

Tamén o presidente sinala que este convenio abre as portas para dar a coñecer o impacto da tecnoloxía en Galicia e permite sentar as bases para que a comunidade poida ser “máis dixital e un pouco máis integradora e transparente” e para que “da man da tecnoloxía se poida mellorar a calidade de vida de todas e todos os galegos”.



1.400 cidadáns, profesionais de distintos ámbitos empresariais e do sector público participaron no primeiro encontro galego de ciberseguridade, Ciber.gal

Abordáronse os retos da seguridade na contorna dixital e púxose en marcha o Nodo galego de Ciberseguridade como espazo de colaboración público-privado ao que xa se adheriron máis de 40 entidades

O primeiro encontro galego de ciberseguridade, Ciber.gal, organizado polo Nodo Galego de Ciberseguridade e coorganizado por Amtega e CPEIG, celebrouse os días 10 e 11 de novembro no Edificio Fontán da Cidade da Cultura de Galicia. Participaron no congreso uns 1.400 cidadáns, profesionais de distintos ámbitos empresariais e do sector público, que asistiron a paneis, conferencias e actividades sobre os retos da seguridade na contorna dixital.

Ciber.gal estruturouse en tres bloques. O primeiro deles englobou actividades destinadas ao tecido empresarial con paneis e charlas sobre axudas para impulsar a ciberseguridade na empresa, os riscos aos que se enfrontan as empresas e as obrigas legais en materia de ciberseguridade.


Para o colectivo da cidadanía, que se desenvolveu na tarde do 10 de novembro, celebrouse a final do concurso Ciberseguridade no cole!, destinado aos menores organizado por Telefónica; e un Capture The Flag, organizado pola Cátedra R en ciberseguridade e Gradient. Ademais, interveu Gianluca D'Antonio, presidente de ISMS Forum.

A segunda xornada do encontro estivo destinada á administración pública coa participación do Centro Criptolóxico Nacional; a intervención do divulgador Marc Vidal, e a celebración dun debate que agrupa aos máximos responsables de organismos e entidades autonómicas con competencias en materia de ciberseguridade: a Axencia de Ciberseguridade de Cataluña, a Axencia Dixital de Andalucía, a Generalitat Valencia e a Amtega.

wi-TEM supera las 500 instalaciones

La automatización de múltiples tareas de gestión energética, unido a su sencilla implantación (no es necesario la instalación de equipos de medida), han sido factores clave para el éxito de **wi-TEM**, que en pocos meses ha sido implantado en más de 520 instalaciones industriales y de gran terciario.

Para empresas dedicadas a la **consultoría energética**, podrán automatizar tareas fundamentales de la gestión de sus clientes, con el consiguiente ahorro de recursos y permitiendo destinar más tiempo a labores que aporten un mayor valor añadido a sus clientes en lo



Empresas consultoras en gestión y eficiencia energética, industrias, gestores de inmuebles y organizaciones con múltiples sedes han implantado **wi-TEM** con éxito de resultados, facilitando la gestión para el control y reducción de costes y consumos energéticos.

Su implantación es inmediata, ya que no requiere la instalación de equipos de medida. A través de la lectura en remoto del contador de compañía, **wi-TEM** permite la descarga y tratamiento de la información de consumo eléctrico, pudiendo monitorizar además consumos de agua, gas, así como la producción fotovoltaica.

wi-TEM está preconfigurado para automatizar tareas de **gestión energética** (optimización de potencia, completo reporting automático de consumos, envío de alarmas por exceso de potencia y reactiva, pre-factura...), facilitando la labor de gestión energética y permitiendo a todo tipo de organizaciones gestionar adecuadamente sus consumos y costes energéticos e identificar oportunidades de ahorro.

referente a la gestión y ahorro de consumos y costes energéticos.

wi-TEM es una solución robusta y avanzada, basada en la tecnología del sistema de monitorización integral y gestión técnico-energética **cost-TEM**, desarrollado por **CO2 Smart Tech** e implantado con éxito de resultados en industrias de referencia de diferentes sectores como: **Finsa (España y Portugal)**, **Gestamp (USA y Mexico)**, **Maier Ferroplast**, **CIE Automotive**, **Pescanova (España, Africa y Sudamérica)**, **DS Smith**, **Conservas Isabel**, **Leche Celta...**, así como por gestores de inmuebles de referencia como: **CBRE Richard Ellis**, **Pontegadea**, **Savills Aguirre Newman...**

La previsión de **CO2 Smart Tech** es superar las 1.000 instalaciones de **wi-TEM** en los próximos meses, dado el interés mostrado en el sistema por diferentes organizaciones y gestores energéticos de referencia.



**Colexio Profesional de
Enxeñaría en Informática
de Galicia**



Faro de Vigo
09.07.2021



La Opinión
16.09.2021

El Correo Gallego
22.09.2021



El Correo Gallego
12.10.2021



Diario de Pontevedra
14.10.2021



Faro de Vigo Ourense
15.10.2021



La Voz de Galicia. Revista YES
16.10.2021



El Progreso
19.10.2021

Faro de Vigo
25.10.2021



Atlántico Diario
04.11.2021



El Correo Gallego. Vida Social
07.11.2021



El Correo Gallego. Vida Social
07.11.2021

La Voz de Galicia A Coruña
20.10.2021



La Voz de Galicia A Coruña
20.10.2021

La Voz de Galicia A Coruña
23.10.2021



La Voz de Galicia A Coruña
23.10.2021

La Voz de Galicia. Mercados
31.10.2021

O CPEIG nos medios de comunicación